



O traballo de Marthazul e Augusto Metztli pode verse desde onte na Galería Jadeco.

J. FERRO

MOSTRA > Marthazul e o mexicano Augusto Metztli comparten espacio para as súas obras na Galería Jadeco baixo o título de "Tapalpa"

Unha exposición para “apalpar”

REPORTAXE DE L.B.

■ A combinación de estilos creados en Vilagarcía e en México é unha das claves da exposición que comparten Marthazul e Augusto Metztli. A mostra inaugurada onte na Galería Jadeco leva por título "Tapalpa", o nome do municipio do estado mexicano de Jalisco a onde viaxaron xuntos, pero tamén un vocablo que evoca a palabra "apalpar", a maneira que os artistas propoñen para descubrir as súas creacións.

Esta é unha ocasión máis para descubrir a faceta pictórica de Marta Rial, unha vilagarciana que participou de forma moi activa no intercambio realizado entre artistas do municipio e mexicanos no ano 2005. No que respecta a Metztli, esta é a súa primeira visita a Galicia

ENCONTRO

Os dous artistas coñecéronse nunha viaxe a un municipio do estado mexicano de Jalisco

e lle permitirá difundir o seu traballo a través desta exposición compartida con Marthazul.

Todos os que se acheguen a esta galería atoparán un total de once pezas pictóricas. Destas son sete as que corresponden a Marta Rial, feitas en óleo sobre tea, mentres que os outros catro traballos, elaborados no estudio de Metztli, son acrílicos, áinda que tamén expón algúns sobre tea.

Esta mostra é o inicio dunha relación pictórica que ten preten-

sión de continuidade. Aínda que esta é a primeira experiencia que teñen xuntos nunha mostra compartida, xa anuncian que este traballo convxunto continuará en vindeiras convocatorias. Ademais tamén están a traballar noutras exposicións que manterán con outros artistas.

O punto de partida desta colaboración sitúase en México, a onde chegou Marta Rial para participar precisamente nunha mostra pictórica. Mientras que a súa traxectoria artística comezou cando era pequena, a de Metztli remontase a 1997. Ademais de adicarse á pintura, é docente nunha universidade mexicana.

máis

■ OS INTERESADOS en disfrutar desta proposta pictórica poderán facelo ata o 15 de xuño. É a primeira vez que o artista mexicano pisa terras galegas, pero Marta Rial é de sobra coñecida na súa terra natal, onde pinta dende moi pequena.